



RESUMO EXECUTIVO



PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS DE GALICIA 2023-2030

Documento elaborado por:

Novotec Consultores, S.A.

Marzo de 2023

novotec



1 INTRODUCCIÓN AO PRIGA 2023-2030

O Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (en adiante, PRIGA) é o principal instrumento de planificación en materia de xestión de residuos industriais a nivel autonómico.

O novo PRIGA elabórase tendo en conta o marco estratéxico e de planificación no que se insire. Neste marco estratéxico son de especial relevancia, pola súa influencia directa sobre o novo plan, o PRIGA 2016-2022, a Estratexia Galega de Economía Circular e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 para o desenvolvemento e implantación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Este mesmo marco de planificación establece a necesidade de que os principios da economía circular se incorporen á xestión de residuos e xustifica tamén a elaboración dun novo instrumento de planificación, toda vez o PRIGA 2016-2022 chegou ao final do seu período de vixencia.

Así, o ámbito de aplicación temporal do novo PRIGA queda establecido para o período 2023-2030, sendo de aplicación en toda a comunidade autónoma de Galicia e para o ámbito material dos residuos industriais, conforme se definen na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Por outra banda, dende a elaboración do anterior PRIGA, téñense producido tamén significativos cambios a nivel normativo que obrigan a unha revisión dos obxectivos establecidos con relación á xestión de residuos industriais.

Para tal fin, o PRIGA 2023-2030 revisa a normativa xeral e específica de aplicación aos residuos industriais e recompila os obxectivos legais de prevención e xestión establecidos nela. Estes obxectivos confróntanse coa situación actual da diagnose da xeración e xestión de residuos industriais en Galicia para, finalmente, configurar un programa de prevención e xestión que permita corrixir as deficiencias detectadas, aproveitar as oportunidades identificadas e avanzar no cumprimento dos obxectivos legais.

Así mesmo, o novo PRIGA 2023-2030 realiza unha revisión do PRIGA anterior no referido ao cumprimento dos obxectivos cuantitativos e cualitativos, ao nivel de execución das actuacións e ao valor acadado dos indicadores de seguimento establecidos. Ademais, actualízase a información que aquel recollía con relación aos xestores de residuos industriais autorizados en Galicia, ás posibles aplicacións dos áridos reciclados, á xestión específica de mesturas bituminosas e ao impacto do PRIGA sobre o emprego e na loita contra o cambio climático.

Así mesmo, o PRIGA 2023-2030 actualiza os criterios para a concesión de novas autorizacións para instalacións de xestión de residuos industriais en Galicia.



2 DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL

Para a analizar a situación actual da xeración e xestión de residuos industriais en Galicia, o conxunto destes residuos agrúpase en dezaseis fluxos, en liña coa estrutura do Plan Estatal Marco de Residuos (PEMAR) 2016-2022 e do PRIGA 2016-2022. Respecto deste último, sinalar que o novo plan inclúe un novo fluxo de residuos, o de residuos de envases industriais, en resposta á publicación do Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases.

Así, os fluxos de residuos industriais analizados no PRIGA 2023-2030 son:

1. Aceites industriais usados
2. Residuos sanitarios
3. Pneumáticos ao final da súa vida útil
4. Vehículos ao final da súa vida útil
5. Buques e embarcacións ao final da súa vida útil
6. PCB e PCT
7. Pilas e acumuladores
8. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
9. Lodos de depuración de augas residuais
10. Residuos agrarios
11. Residuos metálicos
12. Residuos da construción e demolición
13. Terras de escavación non contaminadas
14. Residuos do procesado de recursos mineiros
15. Residuos industriais sen lexislación específica
16. Residuos de envases industriais

Ademais, inclúese un capítulo de diagnose de todos os fluxos conxuntamente, un capítulo no que se aborda a eliminación de residuos industriais en vertedoiro e un último específico de traslados transfronteirizos.

Para cada un dos dezaseis fluxos indicados, o PRIGA 2023-2030 recolle a seguinte información:

- Xeración: inclúese unha descrición dos procesos produtivos nos que se produce cada fluxo e as cantidades xeradas en Galicia nos últimos anos.
- Xestión: inclúese unha descrición dos tratamentos dispoñibles para os residuos contemplados no fluxo, unha análise das instalacións e capacidade de tratamento existentes en Galicia, así coma a súa localización, as cantidades xestionadas e o tipo de tratamento realizado.
- Cumprimento de obxectivos e medidas: inclúese unha revisión do grao de cumprimento de obxectivos, do nivel de execución de medidas e actuacións e do valor acadado dos indicadores de seguimento que se establecían no PRIGA 2016-2022.

2.1 XERACIÓN E XESTIÓN GLOBALS

No que respecta á xeración e xestión, os datos consolidados máis actualizados que se inclúen refírense ao ano 2020. En calquera caso, en todo o PRIGA 2023-2030 tense en consideración a singularidade que se detecta na análise dos datos de 2020, que por mor da pandemia da COVID-19, alteran a serie histórica. Esta situación tense en conta para a interpretación de resultados que se fai en cada caso así como para a definición do valor base dos indicadores de seguimento dos programas de prevención e xestión que inclúe o novo plan.

No que se refire á xeración total de residuos industriais en Galicia, a súa xeración anual variou no período 2010-2020 segundo o recollido no gráfico seguinte:




Gráfico 1. Evolución da xeración de residuos perigosos (RP) e non perigosos (RNP) en Galicia.

O fluxo de residuos de construción e demolición (RCD) segue sendo o xerado en maior cantidade. Máis concretamente, estes residuos representan, de media, no período 2015-2020, o 38% dos residuos industriais xerados en Galicia.

Sobre o conxunto dos datos cómpre salientar que unha parte do aumento da xeración, así como se verá no apartado de xestión, respecto do ano 2014, explicaría-se pola maior dispoñibilidade de información por parte da administración autonómica con relación á xeración e xestión de residuos industriais en Galicia. Dita mellora derívase das modificacións no marco normativo de referencia e no desenvolvemento da Plataforma Galega de Información Ambiental, GaIA:

No que se refire á instalacións fixas de almacenamento, valorización e eliminación, as autorizadas, no ano 2020 son as recollidas na táboa seguinte:

Tratamento	Nº instalacións	Capacidade máxima puntual de almacenamento
Almacenamento	165	302.394 t
Tratamento	Nº instalacións	Capacidade máxima de xestión
Valorización	419	12.952.924 t/ano
Tratamento	Nº instalacións	Capacidade máxima de xestión
Eliminación ⁽¹⁾	19	327.789 t/ano

⁽¹⁾Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros.

Táboa 1. Instalacións fixas e capacidade de tratamento de residuos industriais en Galicia.

Adicionalmente ás anteriores, en Galicia cóntase con 65 plantas móbiles para a clasificación e valorización de residuos industriais.

No que respecta ás cantidades xestionadas nestas instalacións, a súa evolución representábase no gráfico seguinte:




Gráfico 2. Evolución da xestión dos residuos industriais en Galicia.

Da cantidade total xestionada en Galicia, de media no período 2016-2020, o 19% dos residuos procederon de fóra da comunidade autónoma galega. Se ben, de forma maioritaria, estes residuos destináronse a valorización, cada vez é maior a proporción que representan os residuos eliminados en Galicia procedentes de fóra do territorio galego sobre o total eliminado en Galicia.

En conxunto, na táboa seguinte recóllense as principais cifras descritivas da xeración e xestión de residuos industriais en Galicia no período 2016-2020, en contraposición coa capacidade máxima de valorización e tratamento previo a vertido existente en Galicia.

Media cantidade xerada en Galicia 2016-2020 (t)	2.898.244
Media cantidade xestionada en Galicia 2016-2020 (t)	2.978.637
Capacidade máxima de xestión (t)	13.280.713

Táboa 2. Xeración e xestión de residuos industriais fronte á capacidade de xestión existente.

2.2 FLUXOS INDIVIDUAIS DE RESIDUOS INDUSTRIAIS

No que se refire aos fluxos individuais, na táboa seguinte recóllense os principais datos de xeración e xestión no período 2016-2020:

Fluxo de residuos		Media en Galicia (2016-2020)	
Aceites industriais		Cantidade xerada (t)	15.134
		Cantidade xestionada (t)	18.627
		Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	609.318
Residuos sanitarios	Clase III ((LER 18 01 03*-LER 18 02 02*))	Nº instalacións de tratamento previo a vertido	3
		Capacidade máxima tratamento (t/ano)	5.890
		Cantidade xerada (t)	2.340
		Cantidade xestionada (t)	2.414
	Clase II (LER 18 01 04-LER 18 02 03)	Nº instalacións	1
		Capacidade máxima tratamento (t/ano)	18.200
		Cantidade xerada (t)	8.116
		Cantidade xestionada (t)	9.883
	Residuos procedentes da industria farmacéutica (LER 07 05 13*)	Nº instalacións	1
		Capacidade máxima tratamento (t/ano)	146.550
		Cantidade xerada (t)	9
		Cantidade xestionada (t)	2.701
Pneumáticos ao final da súa vida útil		Cantidade xerada (t)	20.200
		Cantidade xestionada (t)	8.202
		Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	94.460
Vehículos ao final da súa vida útil		Cantidade xerada (t)	48.617
		Cantidade xestionada (t)	48.385
		Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	134.133
Buques e embarcacións ao final da súa vida útil		Cantidade xerada (t)	-
		Cantidade xestionada (t)	-
		Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	23.061
Pilas e acumuladores		Cantidade xerada (t)	7.447
		Cantidade xestionada (t)	0
		Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	0
PCB e PCT		Cantidade xerada (t)	98
		Cantidade xestionada (t)	0
		Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	0
Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)		Cantidade xerada (t)	1.373
		Cantidade xestionada (t)	502
		Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	100.024
Lodos de depuración de augas residuais		Cantidade xerada (t)	225.240
		Cantidade xestionada (t)	223.288

Fluxo de residuos	Media en Galicia (2016-2020)	
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	1.049.599
Residuos agrarios-plásticos de uso agrario non embalaxe	Cantidade xerada (t)	5.574
	Cantidade xestionada (t)	10.751
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	102.749
Residuos agrarios-residuos de produtos agrarios	Cantidade recollida (t)	49
	Cantidade xestionada (t)	0
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	63.187
Residuos agrarios- xurros, esterco e residuos vexetais.	Cantidade xerada (t)	33.488
	Cantidade xestionada (t)	42.714
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	1.176.240
Residuos metálicos	Cantidade xerada (t)	416.886
	Cantidade xestionada (t)	487.374
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	2.091.999
RCD	Cantidade xerada (t)	594.246
	Cantidade xestionada (t)	603.443
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	4.818.716
Terras de escavación sen contaminar	Cantidade xerada (t)	327.602
	Cantidade xestionada (t)	328.797
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	-
Residuos do procesado de recursos mineiros	Cantidade xerada (t)	257.926
	Cantidade xestionada (t)	260.277
	Capacidade dispoñible	2.788.894
Residuos sen lexislación específica	Cantidade xerada (t)	902.101
	Cantidade xestionada (t)	466.217
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	4.152.025
Residuos de envases industriais	Cantidade xerada (t)	117.082
	Cantidade xestionada (t)	57.840
	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	2.080.061

Táboa 3. Xeración e xestión de residuos industriais fronte á capacidade de xestión existente.

A contraposición dos datos de xeración e capacidade de tratamento, revela que, agás para certos fluxos, a comunidade autónoma galega dispón de capacidade de tratamento suficiente para xestionar os residuos xerados no seu territorio.

Co fin de non promover este sobredimensionamento na capacidade de tratamento instalada, no anexo VII do PRIGA 2023-2030 establécense, con carácter xeral, restricións á hora de conceder autorizacións para novas instalacións ou ampliacións das existentes. En todo caso, contéplase a posibilidade de que o órgano ambiental poida autorizar a construción de novas instalacións cando estas melloren as tecnoloxías existentes e permitan avanzar no cumprimento da aplicación efectiva do principio de xerarquía.



No entanto, non é posible deixar de lado a necesidade de novas instalacións para aqueles fluxos para os que, a día de hoxe, non se dispón de capacidade suficiente de tratamento final. Tal é o caso, por exemplo, dos residuos sanitarios, dos residuos de pilas ou as terras contaminadas.

Así mesmo débese considerar a oportunidade de construción de novas instalacións de xestión de residuos en Galicia que se deriva do potencial incremento da xeración de certos fluxos de residuos emerxentes, como poden ser as pas de aeroxeradores, os paneis fotovoltaicos ou as baterías de vehículos eléctricos.

Analizada a capacidade autorizada de valorización e/ou tratamento previo a vertido dos fluxos de residuos industriais considerados, o PRIGA inclúe un capítulo específico sobre eliminación en vertedeiro. Respecto a esta, as cantidades depositadas neste tipo infraestruturas no ano 2020, representan o 8% dos residuos industriais non perigosos xerados en Galicia e o 87% dos perigosos.

No que relativo aos vertedoiros autorizados en Galicia, actualmente existen un total de trece, dos que só un está autorizado para recibir residuos perigosos.

Respecto destas instalacións, o PRIGA 2013-2030 establece como novidade unha serie de criterios para a concesión de novas autorizacións. Ditos criterios recóllense no anexo VII do plan e, en base a eles, actualmente cumpríranse as condicións para a concesión de autorización para a construción de novos vertedoiros de residuos industriais non perigosos.

2.3 DAFO

Finalizada a diagnose da situación actual, de seguido recóllense as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades identificadas de forma xeral, para o conxunto dos fluxos de residuos industriais considerados no PRIGA 2023-2030:

Debilidades

- Aumento das taxas de produción de residuos industriais no ano 2020 respecto do 2010, sendo os RCD e os residuos metálicos os que rexistran actualmente unha maior xeración.
- Falta de instalacións autorizadas de tratamento para algúns dos fluxos de residuos industriais xerados en Galicia.
- Deficiente rastrexabilidade do residuo dende a súa produción ata a súa xestión final.
- Déficit de información sobre a produción real de residuos.
- Dificultade de análise das causas do incumprimento parcial dos obxectivos recollidos no PRIGA 2016-2022.
- Elevada presenza nos vertedoiros galegos de residuos industriais perigosos procedentes de fóra de Galicia (no 2020, o 76% do residuos industriais perigosos vertidos procederon de fóra do territorio galego).
- Baixo balance de residuos considerados subprodutos.



Ameazas

- Mantemento da tendencia actual de acoplamento entre os indicadores económicos e a produción de residuos industriais.
- Deficitaria acollida no mercado dalgúns dos materiais obtidos como resultado do tratamento de residuos industriais.
- Falta de capacidade de contraste dos datos aportados polos SRAP á administración, dificultando a comprobación da eficacia das actuacións desenvoltas a nivel de cumprimento de obxectivos e indicadores.
- Aplicación de normativa de xestión de residuos máis laxa cá comunitaria nalgúns dos terceiros países aos que se exportan certos fluxos de residuos industriais.

Fortalezas

- Plena operatividade e actualización continua da plataforma galega de información ambiental (GaIA) para a comunicación de datos de produción e xestión de residuos por parte de todos os operadores da cadea de valor do residuo.
- Ampla rede galega de xestores privados de residuos industriais.
- Elevada capacidade de tratamento das instalacións autorizadas e ampla diversidade de tecnoloxías e de tratamentos aplicados aos residuos industriais xestionados nelas.
- Existencia de instalacións de xestión que aplican tratamentos de valorización centrados nas opcións prioritarias da xerarquía de residuos, máis concretamente, na preparación para a reutilización.
- Autosuficiencia na xestión para a maior parte dos residuos industriais producidos, con capacidade, ademais, para captar residuos producidos fóra do territorio galego.
- Alta taxa da valorización de residuos (no 2020, o 86% dos residuos xestionados en Galicia foron valorizados).

Oportunidades

- Disponibilidade de recursos naturais cada vez máis limitada, o que favorece o mercado dos produtos reciclados e a necesidade de soberanía na provisión de materias primas nos procesos industriais.
- Existencia de ferramentas tales como o ecodeseño, a análise de ciclo de vida e a simbiose industrial, que permiten reducir a cantidade de residuos xerada ao final da vida útil dos produtos e/ou reintroducir os residuos na cadea produtiva.
- Elevado potencial de circularidade dos residuos xerados en maior cantidade en Galicia, é dicir, RCD e residuos metálicos.
- Nova normativa para racionalizar a produción e xestión de residuos industriais a través, por exemplo, da introdución de novas consideracións a efecto administrativo para a declaración de subproduto e fin de condición de residuo.
- Existencia de residuos industriais emerxentes que poderían ser atraídos cara novas ou existentes instalacións galegas, convertendo a Galicia nun polo especializado e de referencia para os produtores deste tipo de residuos, mesmo fóra do territorio galego.
- Creación de emprego verde como resultado do crecemento do sector da xestión de residuos.
- Proliferación de prácticas e procedementos de preparación para a reutilización que eviten o tratamento dos residuos mediante procesos menos prioritarios na xerarquía de residuos.

3 PLANIFICACIÓN

O PRIGA 2030-2030 comprende un programa de prevención e un programa de xestión de residuos.

Ámbolos dous programas constrúense sobre o principio xeral de protección e mellora da saúde humana e do medio e unha serie de obxectivos estratéxicos. Entre estes últimos atópanse, a aplicación efectiva do principio de xerarquía de residuos, a mellora da rastrexabilidade dos residuos ao longo de toda a súa cadea de valor e a racionalización da suficiencia de instalacións de tratamento e vertido, entre outros.

De forma xeral, o conxunto de medidas e actuacións que conforman cada programa van encamiñadas á consecución de tres obxectivos principais: o cumprimento dos obxectivos establecidos na normativa actual, a corrección das debilidades detectadas na análise da situación actual e, por último, o aproveitamento das oportunidades identificadas para o sector da xestión de residuos industriais na comunidade autónoma galega, derivadas do actual contexto social, económico e ambiental.

3.1 PROGRAMA DE PREVENCIÓN

A diagnose da xeración e xestión de residuos industriais en Galicia revela que é preciso intensificar as medidas de prevención e a aplicación dos principios da economía circular para avanzar no cumprimento do obxectivo de redución de residuos respecto ao ano 2010, recollido na normativa estatal e autonómica. Para conseguilo, o programa de prevención do PRIGA 2023-2030 contempla un total de dezasete medidas, acompañadas dos seus correspondentes indicadores de seguimento.

De forma xeral, estas medidas van encamiñadas a cumprir cos seguintes obxectivos cuantitativos e cualitativos:

- No ano 2030, reducir nun 20% a taxa de xeración de residuos industriais por unidade de PIB respecto de 2019 e, no ano 2025 reducir nun 15% a xeración total respecto da cantidade xerada de residuos industriais no ano 2010.
- No ano 2025, reducir nun 13% o peso dos residuos de envases industriais producidos e no ano 2030 reducir nun 15%, con respecto aos datos do 2010.
- Fomentar a colaboración público-privada entre institucións e organismos de investigación para a aplicación da economía circular, de xeito que sirvan de guía e base para futuros proxectos e iniciativas, mellorando a eficiencia e a sustentabilidade nas cadeas de valor.
- Promover a educación e sensibilización, a innovación e a transparencia tecnolóxica difundindo o coñecemento sobre o uso eficiente dos recursos.

Para avanzar no cumprimento destes obxectivos o programa contempla as seguintes medidas transversais e específicas:

Descrición		
Medidas transversais	<ul style="list-style-type: none"> • P01. Pulo aos proxectos de simbiose industrial mediante a promoción efectiva do intercambio de subprodutos entre as industrias e a aplicación das mellores técnicas dispoñibles (MTD). • P02. Impulso á transferencia do coñecemento resultante das actividades de investigación en materia de prevención de residuos industriais cara os procesos produtivos • P03. Realización de campañas informativas e de sensibilización sobre prevención de residuos. • P04. Promoción de encontros entre institucións e organismos de investigación para favorecer o desenvolvemento de futuros proxectos e iniciativas de economía circular que melloren a eficiencia das cadeas de valor dos produtos, previndo a xeración de residuos ao final da súa vida útil. • P05. Establecemento dun acordo voluntario co sector público e privado para incorporar criterios de economía circular e, especificamente, de compra verde nos seus procesos de compra e contratación. • P06. Fomento da aplicación de técnicas de ecodeseño aos produtos postos no mercado polas empresas galegas. • P07. Impulso do uso innovador de subprodutos alimentarios xerados polo sector primario e a industria agroalimentaria como materia prima propia ou para outros sectores. • P08. Subscrición cos axentes económicos de acordos voluntarios nos que se inclúan medidas concretas para a redución do uso de envases industriais superfluos. 	
Medidas específicas	RCD	<ul style="list-style-type: none"> • P09. Elaboración dun manual de boas prácticas para minimizar a produción de residuos en obras. • P10. Fomento da modernización do sector da construción e obra civil, atendendo á excelencia no deseño, enxeñería e construción de forma que estes atendan á sustentabilidade ambiental, primando a redución de residuos e a súa xestión racional en obra. • P11. Promoción da aplicación das prácticas de segregación de RCD en orixe co fin de previr a xeración de fraccións mesturadas. • P12. Elaboración dun manual de compra ecolóxica que catalice a incorporación de RCD reciclables.
	Vehículos fóra de uso	<ul style="list-style-type: none"> • P13. Promoción de actuacións que supoñan a redución de uso de vehículos particulares e promoción do uso do transporte público • P14. Incentivos á compra de vehículos ou compoñentes de vehículos de segunda man.
	Lodos de depuración de augas residuais	<ul style="list-style-type: none"> • P15. Fomento da aplicación das mellores técnicas dispoñibles nas industrias para a redución do consumo da auga e a súa reutilización. • P16. Apoio á implantación de tratamentos adicionais que espesen e deshidraten os lodos no seu lugar de produción, con especial atención ao sector alimentario e ás EDAR municipais. Edición de guías prácticas. • P17. Promoción da participación público-privada na investigación en materia de aproveitamento dos lodos de depuradora e tecnoloxías que contribúan á minimización da súa xeración, así como o desenvolvemento de estudos e proxectos innovadores que atendan aos principios da economía circular.

Táboa 4. Medidas do programa de prevención



3.2 PROGRAMA DE XESTIÓN

O programa de xestión componse dun total de vinte e cinco medidas, acompañadas tamén dos seus correspondentes indicadores de seguimento. De forma xeral, estas medidas van encamiñadas a cumprir cos obxectivos de xestión cuantitativos establecidos na lexislación para os residuos industriais, ademais dos seguintes:

- Superar no ano 2030 o 90% de residuos industriais xestionados en Galicia respecto da cantidade total de residuos industriais xerados no territorio galego.
- Reducir a cantidade de residuos perigosos destinada a vertedoiro nun 10% en 2030 respecto das enviadas a vertedoiro en 2019.
- Reducir a cantidade de residuos non perigosos destinada a vertedoiro nun 10% en 2030 respecto das enviadas a vertedoiro en 2019.
- Asegurar a correcta xestión dos residuos industriais, aplicando o principio de xerarquía, garantindo a protección da saúde e do medio e limitando a cantidade destes que son depositados en vertedoiro.
- Fomento da solicitude de declaracións de fin de condición de residuo por parte das empresas xestoras galegas.
- Obtención de produtos e materiais con calidade suficiente para substituír as materias primas virxes en procesos industriais mediante a promoción das actividades de preparación para a reutilización e o reciclado de alta calidade, de forma que se obteñan produtos.
- Sensibilización, información e difusión do coñecemento e boas prácticas sobre a xestión sostible dos residuos industriais.
- Dixitalización do sector da xestión de residuos en toda a cadea de xestión.
- Mellora e automatización na recollida e calidade de datos, transparencia, e o acceso á información de produción e xestión de residuos industriais.
- Atendendo ao principio de proximidade, promover a maximización do tratamento dos residuos industriais nas instalacións galegas.
- Garantir o tratamento previo á eliminación en vertedoiro de todos os residuos industriais.

Para avanzar no cumprimento destes obxectivos o programa contempla as seguintes medidas transversais e específicas:



		Descrición
Medidas transversais		<ul style="list-style-type: none"> X01. Fomento do uso de produtos reciclados e o uso de materias primas recicladas para a produción de produtos. X02. Apoio ás empresas para mellorar a súa dixitalización de forma que se facilite e mellore o control dos residuos que producen e a súa rastrexabilidade dende o punto de xeración ata o xestor final. X03. Fomento da colaboración público-privada entre institucións e organismos de investigación para a aplicación dos principios da economía circular á xestión de residuos industriais, con especial foco na promoción da preparación para a reutilización. X04. Promoción de acordos voluntarios para a implantación de sistemas de responsabilidade ampliada do produtor. X05. Inspeccións e control da rastrexabilidade dos residuos. X06. Promoción da adquisición de produtos en envases industriais reutilizables e facilmente reciclables, e/ou en envases fabricados con materiais reciclados, cuxa calidade cumpra coas especificacións técnicas requiridas. X07. Realización de campañas de sensibilización para os usuarios de envases industriais co fin de fomentar unha recollida separada dos residuos de envases de calidade e así poder obter materias primas secundarias tamén de calidade. X08. Limitación da autorización de novos vertedoiros en función da capacidade restante dos autorizados.
Medidas específicas	Residuos sanitarios	<ul style="list-style-type: none"> X09. Promoción dunha instalación mediante colaboración público-privada, para a xestión dos residuos sanitarios para os que actualmente non se dispón de instalacións autorizadas en Galicia.
	Pneumáticos ao final da súa vida útil	<ul style="list-style-type: none"> X10. Realización de inspeccións a talleres, para evitar excesivas acumulacións de pneumáticos sen xestionar, e para comprobar se aqueles que seleccionan pneumáticos fóra de uso e os someten a operacións de preparación para a reutilización dispoñen da correspondente autorización de xestor. X11. Tratamento da totalidade dos depósitos de pneumáticos ao final da súa vida históricos. X12. Avaliación das alternativas para garantir a axeitada xestión dos pneumáticos ao final da súa vida útil que se empregan fóra das canles dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor.
	Vehículos fóra de uso	<ul style="list-style-type: none"> X13. Elaborar medidas para asegurar a rastrexabilidade das pezas ou compoñentes de segunda man dende o CAT autorizado que os prepara para a reutilización e o taller no que son vendidos á persoa usuaria final.
	Residuos de pilas e baterías	<ul style="list-style-type: none"> X14. Fomento da realización de proxectos de I+D+I no eido da preparación para reutilización de baterías retiradas de vehículos eléctricos.

	Descrición
RAEE	<ul style="list-style-type: none">• X15. Realización de campañas de información e sensibilización ao sector industrial e xestores.• X16. Fomentar a preparación para a reutilización deste tipo de residuos mediante a promoción da sinatura de convenios de colaboración entre grandes produtores e xestores autorizados para realizar operacións de preparación para reutilización.• X17. Favorecer a implantación de novas empresas xestoras autorizadas para realizar operacións de preparación para a reutilización.
Residuos agrarios	<ul style="list-style-type: none">• X18. Promoción de actuacións de simbiose industrial para o tratamento conxunto de residuos agrarios con outros biorresiduos.
Lodos de depuración de augas residuais	<ul style="list-style-type: none">• X19. Promoción da implantación de biofactorías co fin de aproveitar a potencialidade que presentan os residuos xerados no proceso de depuración das augas residuais, e máis concretamente, os lodos, para converterse en novos produtos.
RCD	<ul style="list-style-type: none">• X20. Programas especiais de supervisión en obras para comprobar o cumprimento da normativa no que respecta ao destino de residuos xerados e á súa correcta clasificación no lugar de xeración de forma que se facilite a súa posterior valorización.• X21. Fomento do uso de áridos reciclados.
Terras de escavación	<ul style="list-style-type: none">• X22. Promoción da investigación de técnicas de descontaminación das terras de escavación que conteñen hidrocarburos por debaixo dos límites legais establecidos para seren designadas como residuo perigoso.• X23. Promoción dunha instalación en Galicia de forma que se evite o depósito en vertedoiro de residuos perigosos destas terras.
Residuos sen lexislación específica	<ul style="list-style-type: none">• X24. Promover actividades de investigación e desenvolvemento centradas no tratamento de residuos emerxentes, tales como os residuos das pas dos aeroxeradores ou dos paneis fotovoltaicos.• X25. Promoción da declaración de fin de condición de residuos das escouras para o que se elaborará unha norma técnica que determine os requisitos que deben cumprir os residuos deste tipo para acadar tal fin de condición de residuo, en función do seu destino.

Táboa 5. Medidas do programa de xestión

3.3 SEGUIMIENTO

O PRIGA 2023-2030 recolle indicadores de seguimento para cada unha das medidas contempladas nos programas de prevención e xestión. Ademais, en cumprimento do disposto na Lei 6/2021, contempla a confección de informes de resultados anuais.